

N

TURGALICIA
BOLETÍN DE NOTICIAS

Nº 155 29 ABRIL-
6 MAIO '08

Boletín electrónico semanal de **TURGALICIA**. Estrada Santiago Noia, Km. 3. 15896, Santiago de Compostela.



Se desexa recibir máis información gráfica ou escrita sobre as informacións contidas neste boletín envíenos un e-mail premendo o seguinte enlace:



ou pónhase en contacto con nós no teléfono:

902 200 432

ou no fax:

981 542 659



www.turgalicia.es



Reservas



Ofertas



Publicacións



Noticias

Edita: **TURGALICIA**. Realización Boletín de Noticias: Imaxe Nova de Comunicación S.L. r/Uruguai 2, 3ª dereita, 36201, Vigo. Tel.: 986 221 835. Fax.: 986 437 141 e-mail: imaxenova@imaxenova.com

A CALIDADE CHEGA AOS CONGRESOS

Os pazos de congresos de Galiza entran na lista dos "Q" de Calidade Turística Española con dúas instalacións certificadas

O Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE) vén de conceder a marca "Q" a once establecementos galegos de Turismo Rural, a tres hoteis e a dous pazos de congresos. Coa certificación en Calidade Turística destes últimos –o Pazo de Exposicións e Congresos (PALEXCO) e o Palacio de la Ópera, ambos os dous na cidade da Coruña–, son xa oito os subsectores turísticos galegos que teñen adoptada a filosofía do "Q".

Tras as novas incorporacións, a lista actualizada de certificacións "Q" de Calidade Turística en Galiza inclúe 30 hoteis; 52 casas rurais; un cámping; 5 balnearios; un servizo de restauración; un espazo natural protexido; 51 oficinas de axencias de viaxes, e dous pazos de congresos.

O único cámping certificado é o Cámping Rural Ría de Arousa 2, en Ribeira (A Coruña). A certificación relativa a servizos de restauración corresponde á Cantina do Río Covés (Pontedeume, A Coruña), e a do único espazo natural protexido, ao



Imaxe nocturna do PALEXCO, unha das principais instalacións galegas dedicadas ao Turismo de Congresos.

Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, en la provincia de Ourense. A maioría de casas rurais certificadas son das provincias da Coruña (25), e de Ourense (12), e a maioría de hoteis con "Q" están ubicados na provincia de Pontevedra (10). En canto ao subsector das axencias de viaxes, a provincia da Coruña conta con 28 oficinas certificadas, pertencentes a distintas empresas, mentres que a de Pontevedra conta con 20. En Ourense están certificadas dúas oficinas, e en Lugo, unha.

Galiza participa nun "roadshow" en Portugal

A oferta turística galega foi presentada, por primeira vez, nos arquipélagos de Madeira (10 de abril) e Azores (17 de abril), no marco dun *roadshow* destinado a axencias de viaxes, organizado pola Oficina Española de Turismo en Lisboa. Nambos os dous eventos participaron, ademais de operadores turísticos, compañías aéreas e cadeas hoteleiras.

O pasado día 21, o *roadshow* viaxou a Coimbra, e o día 22, a Braga. En total, durante estas catro presentacións turísticas pasaron pola mesa de **TURGALICIA** unhas 230 persoas ás que



se lles entregou material turístico, un CD con todos os folletos en arquivos pdf e un DVD cos vídeos turísticos. O *roadshow* finalizará o

vindeiro día 8 de maio coa presentación da oferta turística galega na localidade de Faro, onde Galiza asistirá tamén por primeira vez.